

Plan Operativo Anual

2026

Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratégica



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



INTRODUCCIÓN

O Plan Operativo 2026 da Universidade da Coruña (UDC) establece a conexión entre as actuacións previstas no Plan Estratéxico 2022-2026 e o Orzamento de 2026, incorporando a información necesaria para identificar como a asignación de recursos orienta e sustenta as actuacións futuras en cada un dos ámbitos prioritarios.

O documento estrutúrase arredor dos ámbitos estratéxicos do Plan Estratéxico 2022-2026:

- Docencia e Aprendizaxe
- Investigación, Innovación e Transferencia
- Financiamento e Uso Eficiente dos Recursos
- Internacionalización
- Responsabilidade Social e Sustentabilidade



DOCENCIA E APRENDIZAXE

A docencia e a aprendizaxe constitúen ámbitos centrais no Plan Operativo Anual da UDC, orientados a reforzar a captación, a retención e a formación integral do estudantado. Para avanzar nestes obxectivos, a universidade impulsará políticas que favorezan a conexión co ensino medio, o fortalecemento do sentimento de pertenza á institución e a promoción de metodoloxías innovadoras. Así mesmo, continuarase traballando nunha oferta formativa adaptada aos retos sociais e ás demandas actuais do mercado laboral.

Este apartado estrutúrase arredor de catro obxectivos estratéxicos principais, que orientan e articulan as accións previstas pola universidade.

1. Captación e retención do talento
2. Fortalecemento da calidade no ensino e aprendizaxe
3. Construción dunha oferta formativa innovadora
4. Orientación á inserción laboral e ao emprendemento

1.1 DOC_OE1: IMPULSAR A CAPTACIÓN E A RETENCIÓN DE TALENTO

A UDC orienta a súa política académica a consolidar unha comunidade universitaria sólida, diversa e comprometida, mediante accións que favorecen tanto a atracción de novo estudantado como a permanencia do alumnado actual. Este obxectivo artículase a través de estratexias que reforzan a igualdade de oportunidades, o apoio académico e socioeconómico, e a creación dun entorno universitario dinámico, participativo e tecnoloxicamente actualizado, orientado ao desenvolvemento integral e profesional do alumnado.

As actuacións se estruturan a través dos programas **OP1** e **OP2**.

Doc-OP1: Diseñar e implantar políticas de captación e retención do estudantado

- Información, orientación e divulgación, a través de campañas institucionais e accións de visibilización da oferta académica da UDC.
- Acompañamento na xestión académica inicial, facilitando procesos administrativos e o acceso á información relevante para a toma de decisións.
- Apoios económicos que favorezan o acceso e a igualdade de oportunidades, mediante bolsas e axudas de diferentes programas institucionais e de colaboración externa (Bolsas propias, Axudas propias, Bolsas Santander, ONCE-CRUE, Campus Rural...).
- Incentivos á boa traxectoria académica mediante premios e recoñecementos.

**OP2: Diseñar e implantar políticas de fidelización do estudantado**

- Reforzar o apoio á excelencia académica mediante premios, recoñecementos e incentivos, así como programas de bolsas e axudas para evitar o abandono por causas económicas.
- Desenvolver estratexias de prevención do abandono nalgúns titulacións, reforzando a orientación, o acompañamento e a motivación do estudantado.
- Promover espazos de interacción e participación nos campus, co fin de fortalecer a vida universitaria e o sentimento de pertenza á UDC a través da dinamización de asociacións, actividades estudantís e iniciativas de representación. (Alumni UDC)
- Favorecemento da empregabilidade e o desenvolvemento profesional, a través e programas que preparan ao alumnado para a súa inserción Feira de Empresas e Emprendemento

Para o desenvolvemento das políticas anteriores (ECO-OP1 e ECO_OP2) incluíronse as seguintes partidas no orzamento:

Partida	Descrición	Importe
030A422D220.00	VEE Xestión de expedientes	3.500,00 €
0304422D220.00	VEE Consello de estudantes	6.000,00 €
030A422D226.02	VEE Divulgación, información e publicidade	83.160,00 €
030A422D230.00	Indemnizacións por servizo para empregabilidade	35.000,00 €
030A422D626.00	Equipamento informático para alumnado	12.500,00 €
030A422D636.00	VEE Software	6.000,00 €
030A422D480.00	VEE Bolsas propias estudantes	349.000,00 €
030A422D480.01	VEE Axudas propias estudantes	150.000,00 €
030A422D480.02	VEE Premios propios estudantes	40.000,00 €
030A422D480.00	Bolsas Santander	374.000,00 €
030A422D480.02	Premios Santander	18.000,00 €
03.OA.24.06.85422D480.00	Bolsas ONCE-CRUE	8.000,00 €
03.OA.24.09.76422D480.00	Bolsas Campus rural	75.000,00 €



1.2 DOC_OE2: IMPULSAR E FORTALECER A CALIDADE NOS PROCESOS DE ENSINO E APRENDIZAXE

Este obxectivo consiste en promover unha cultura de mellora continua no ámbito docente, orientada a garantir unha formación de excelencia, actualizada e alineada cos estándares de calidade académica. Para iso, impúlsanse actuacións que reforzan a innovación educativa, a avaliación e certificación dos procesos formativos, e a modernización tecnolóxica dos recursos docentes, configurando un modelo de ensino o que asegure unha educación de calidade en todos os niveis formativos

Doc- OP3: Potenciar a innovación no ámbito docente

- Incremento da capacidade innovadora do profesorado, mediante programas de formación, encontros especializados e accións desenvolvidas polo CUFIE.
- Modernización das licenzas e ferramentas docentes, garantindo o acceso a software actualizado e tecnoloxías que faciliten o desenvolvemento de prácticas de aprendizaxe máis dinámicas e eficaces.
- Impulso a proxectos de innovación educativa e equipamento científico, que permiten fortalecer a calidade dos materiais e das experiencias formativas.

Doc- OP4: Potenciar e promover os procesos de calidade

- Accións de mellora e certificación da calidade, destinadas a consolidar sistemas acreditados que avalían e optimizan os procedementos docentes.
- Implantación e mellora de ferramentas de xestión académica, mediante o desenvolvemento e consolidación de SIGMA Académico, que moderniza e integra os procesos administrativos relacionados coa docencia.
- Implementación e seguimento do programa DOCENTIA, que avalía a actividade docente do profesorado e contribúe á mellora continua da calidade académica.



Entre as partidas asignadas no orzamentos para estes obxectivos (ECO_OP3 e ECO_OP4) figuran:

Partida	Descrición	Importe
04.03121A227.06	UTC. Acción de mellora e certificación	70.000,00 €
04.0A121A444.00	VTI. SIGMA ACADÉMICO	408.390,63 €
030A121A209.01	VEE Licenzas software docencia	2.135,00 €
090A25.01.20422D640.00	Convenio innovación educativa e equipamento científico	77.777,77 €
040A422D441.00	VT Implantación programa docencia	50.000,00 €
0405121A226.06	CUFIE. Reunións conferencias e cursos	75.950,00€
040A121A481.02	VTI Apoio a formación do PDI	2.100,00 €

1.3: DOC_OE3 CONSTRUIR UNHA OFERTA FORMATIVA INNOVADORA QUE RESPONDA ÁS DEMANDAS E AOS RETOS SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

Con este obxectivo tratase de construír unha oferta formativa innovadora e flexible que se anticipe ás demandas e retos sociais do entorno, fomentando a creación de programas académicos adaptados ás necesidades emerxentes do mercado laboral e da sociedade, ao tempo que se promove unha formación integral e continua para o estudantado.

Doc- OP5: Potenciar e implementar un modelo integral de formación continua

- Adaptación da oferta formativa ás demandas emerxentes, mediante o deseño de novos itinerarios formativos e a actualización ou modificación dos graos existentes para garantir a súa pertinencia social, tecnolóxica e profesional.
- Integración de competencias transversais e brandas —dixitais, lingüísticas, medioambientais, sociais e de emprendemento— no conxunto dos plans de estudo, reforzando o desenvolvemento integral do estudantado.
- Impulso de titulacións multidisciplinares, orientadas a formar perfís máis versátiles e capaces de responder a contornas laborais en transformación.
- Fortalecemento da aprendizaxe-servizo (ApS) como metodoloxía docente que combina formación académica e compromiso social.
- Promoción dunha oferta estruturada de Universidade Sénior, que consolida o compromiso da UDC coa formación ao longo da vida e a participación activa da cidadanía.



1.4 DOC_OE4: POTENCIAR UNHA FORMACIÓN ORIENTADA Á INSERCIÓN LABORAL E PROMOVER O EMPRENDIMENTO PARA OS EGRESADOS/AS

O obxectivo OE4 centrará os seus esforzos en potenciar unha formación orientada á inserción laboral e en promover o emprendemento entre o estudantado e futuros egresados/as da UDC.

Preténdese reforzar os vínculos co tecido empresarial, mellorar a transferencia de coñecemento e favorecer unha preparación práctica que responda ás necesidades actuais e emerxentes do mercado laboral.

As actuacións organizaranse a través dos programas OP6 e OP7.

Doc-OP6: Reforzar os vínculos entre a UDC e o contorno empresarial

- Fortalecer as relacións entre a universidade e os sectores produtivos, promovendo dinámicas estables de colaboración que faciliten a transferencia de coñecemento.
- Favorecer a creación de oportunidades profesionais para o estudantado e as persoas egresadas, mediante a interacción continuada con empresas, entidades e administracións. Reforzar a visibilización da Unidade de Emprego como axente dinamizador das accións de inserción laboral
- Consolidar espazos de cooperación institucional, incluíndo cátedras, convenios e outras iniciativas compartidas que reforcen a conexión coa realidade laboral.
- Aproximar a formación universitaria ás necesidades do contorno económico e social, asegurando unha maior coherencia entre a oferta educativa da UDC e as demandas do mercado laboral. Elaborar estudos sobre inserción laboral para anticipar necesidades e oportunidades do mercado a través do Observatorio Ocupacional.

Doc-OP7: Incorporar a cultura do emprendemento e da carreira profesional en todas as fases formativas

- Integrar a orientación profesional e o emprendemento ao longo de toda a traxectoria académica, favorecendo unha preparación progresiva e coherente para a inserción laboral..
- Reforzar a adquisición de competencias clave —autonomía, iniciativa, resolución de problemas e capacidade emprendedora— como elementos esenciais para o desenvolvemento profesional.
- Promover a participación en programas de prácticas, accións de empregabilidade e formación especializada, facilitando unha aproximación directa ao mercado laboral.



- Facilitar o acceso a espazos de asesoramento e acompañamento profesional, que permitan ao estudiantado deseñar itinerarios laborais sólidos e adaptados aos seus intereses.
- Impulsar o emprendemento como unha opción viable e sostible, mediante a colaboración con entidades especializadas, a difusión de boas prácticas e o apoio a iniciativas emprendedoras no ámbito universitario.

No orzamento incluíronse as seguintes partidas con os importes que figuran na táboa co fin de cumprir os obxectivos (ECO_OP6 e ECO_OP7).

Partida	Descrición	Importe
010A121A226.05	SX. Relacións institucionais e atención protocolaria	77.350,00 €
030A422D227.12	Actividades empregabilidade e participación	62.000,00 €
030A422D230.00	Indemnizacións por servizo para empregabilidade	35.000,00 €
030A422D226.00	Observatorio ocupacional funcionamento	15.000,00 €
030A422D480.00	Convenio SECOT UDC	3.000,00 €
030A24.09.76422D480.00	Bolsas Campus rural	75.000,00 €
090A24.07.49121A640.00	Cátedra Cosme Alvarez del os Rios Navantia-UDc	38.250,00 €
090A24.07.85.121A640.01	Cátedra Diocese Mondoñedo-Ferrol	18.600,00 €
090A240771541A640.00	Cátedra Arqueoloxía	47.320,00 €
090A121A226.06	Cátedra Jorge Juan, reunións, conferencias e cursos	5.600,00 €
090A24.10.57064000	Convenio deputación clínica xurídica	7000,00
090A25.00.16422D64000	Convenio moda Concello de Ferrol	6.000,00 €



INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

A investigación e a transferencia son elementos estratéxicos para fortalecer o posicionamento da Universidade da Coruña no SUG e no ámbito estatal e internacional, ademais de contribuír a unha financiación sostible e competitiva. Os seus indicadores teñen un impacto directo tanto nos rankings universitarios como no reparto de recursos do Plan de Financiación das Universidades Galegas, polo que a súa mellora continua resulta esencial.

Neste marco, e aliñada coa EECTI 2021-2027 e coa planificación da SXU, a UDC vén intensificando a súa competitividade mediante a consolidación de centros e institutos de investigación —CICA, CITEEC e CITIC— e o mantemento do centro ECOBAS. Así mesmo, o reforzo da calidade dos grupos de investigación constitúe un requisito clave para cumprir cos estándares establecidos pola Xunta de Galicia.

Neste escenario, a UDC establece un conxunto de obxectivos estratéxicos que guían as súas liñas prioritarias de actuación en materia de investigación e transferencia:

1. Mellorar a xestión económico-administrativa da investigación e reforzar as estruturas dos centros de investigación.
2. Incrementar a captación de recursos económicos.
3. Potenciar unha produción científica de alta calidade.
4. Internacionalizar a investigación e a transferencia.
5. Fomentar a colaboración co tecido empresarial e impulsar a transferencia de coñecemento.



2.1 INV-OE1: MELLORAR A XESTIÓN ECONÓMICO- ADMINISTRATIVA DA INVESTIGACIÓN E REFORZAR AS ESTRUTURAS DE CENTROS DE INVESTIGACIÓN DA UDC

As accións e recursos previstos oriéntanse a reforzar a xestión e a actividade investigadora, en liña cos obxectivos operativos do plan estratéxico, contribuíndo a consolidar a excelencia investigadora da UDC.

INV_OP1: Mellorar as unidades especializadas de apoio e xestión económico-administrativa da investigación.

- Reforzo da xestión administrativa da investigación: Actuacións orientadas a mellorar a capacidade das unidades especializadas responsables da tramitación, seguimento e xustificación de proxectos, convenios e contratos de I+D.
- Mantemento e mellora do SAI: Investimentos destinados a asegurar a continuidade, actualización e eficiencia dos servizos técnicos de apoio á investigación.
- Optimización das ferramentas de xestión: Mantemento e actualización do módulo UXXI-Investigación, garantindo unha xestión máis integrada, dixitalizada e eficiente da actividade investigadora.

INV_OP2: Reforzar os recursos persoais e as súas competencias e os recursos das estruturas da investigación da UDC.

- Financiamento dos grupos de investigación e investigadores individuais: Mantemento do fondo específico que apoia a actividade e consolidación dos grupos e investigadores individuais, favorecendo a súa estabilidade e capacidade competitiva.
- Axudas para mobilidade e proxección científica: Programas destinados a apoiar a participación do persoal investigador en congresos, estadías e xuntanzas científicas, contribuíndo ao desenvolvemento profesional e á visibilidade internacional da UDC.
- Apoio aos centros de investigación propios: Achegas da Xunta aos centros CIGUS e contratos-programa financiados con fondos propios da UDC para fortalecer a súa capacidade investigadora e organizativa.
- Reforzo dos centros colaborativos na senda da excelencia: Financiamento específico para centros como CITEEC e ECOBAS, impulsando a súa consolidación como estruturas científico-técnicas de referencia.



Datos orzamento (INV_OP1 e INV_OP2)

Partida	Descrición	Importe
050A541A64910	Fondo financiamento a grupos de investigación, unidades e investigadores individuais	560.000,00€
050A541A48101	Axudas investigación estadias posdoutorais	90.000,00€
(varias SAI)	Mantemento e mellora SAI	415.500,00 €
(diversas CITIC/CICA)	Achegas Xunta a centros CIGUS	988.013,41€
(diversas CITIC/CICA)	Contratos programa a centros (fondos propios)	500.711,10€
(diversas CITEEC/ECOBAS)	Achega Xunta a centros de investigación colaborativos (na senda da excelencia. CITEEC-ECOBAS):	198.749,01€
050A541A2270803	VIT mantemento módulo UXXI-INVESTIGACIÓN	8.907,23€

2.2 INV_OE2: IMPULSAR UNHA INVESTIGACIÓN DE CALIDADE QUE POTENCIE A INTERNACIONALIZACIÓN, A MULTIDISCIPLINARIEDADE E O LIDERADO DAS UNIDADES, AGRUPACIÓNS, INSTITUTOS E CENTROS

O obxectivo é mellorar os indicadores de investigación para situar á UDC nun posicionamento destacado dentro do SUG, reforzando así o seu financiamento. Os investimentos en investigación concíbense como unha aposta estratéxica que xera retornos asociados aos indicadores do sistema universitario. Paralelamente, a UDC impulsa a súa presenza en plataformas de divulgación científica, co fin de aumentar a visibilidade internacional, promover colaboracións e consolidarse como institución comprometida cos retos sociais e globais.

INV_OP3: Desenvolver e potenciar programas de captación e retención de talentos

- Captación e impulso do talento investigador: Mantéñense os convenios co programa INTALENT UDC–Inditex para o fomento da captación de talento e para o financiamento de estadias predoutorais no estranxeiro, reforzando a internacionalización e o desenvolvemento do persoal investigador en formación.
- Campus Industrial de Ferrol: Continúase co financiamento do Convenio do Campus Industrial de Ferrol, orientado ao impulso da actividade investigadora, da transferencia e da especialización estratéxica neste ámbito.

**INV_OP4: Apoiar e promover a visibilidade, a divulgación científica e o impacto da investigación da UDC**

- Servizos bibliotecarios e acceso ao coñecemento científico: Garántese o funcionamento do CISUG, así como a adquisición e mantemento dos recursos electrónicos, ao que se suma o investimento do Servizo de Biblioteca en recursos de información, asegurando o acceso a bases de datos, publicacións científicas e ferramentas de apoio á investigación.

INV_OP5: Incrementar a internacionalización da investigación da UDC

- Programa INDITEX-UDC de estadías predoutorais no estranxeiro
- Convocatoria de mobilidade internacional no Campus Industrial de Ferrol.

INV_OP6: Potenciar as plataformas e os recursos de apoio á investigación e contribuír á mellora destas

- Subscricións a publicacións periódicas e recursos electrónicos:

Datos orzamento (INV_OP4/OP5 E OP6):

Partida	Descrición	Importe
050A221019541A640.00	Convenio INTALENT UDC/Inditex – captación talento	200.000,00€
0902240865541A/422D640.00	Convenio Campus Industrial de Ferrol	1.727.250,00€
050A241200541A48001	INDITEX-UDC estadías predoutorais no estranxeiro	130.000,00 €
050A121A44100	CISUG funcionamento	130.766,67€
050A122B44100	CISUG recursos electrónicos	883.381,56€
0502122B22005	SERVIZO DE BIBLIOTECA. RECURSOS DE INFORMACIÓN	745.500,00€



2.3 INV_OE3: CAPTAR RECURSOS ECONÓMICOS PROCEDENTES DE FONDOS NEXT GENERATION EU E APOIAR A COORDINACIÓN DA XESTIÓN DOS FONDOS

O obxectivo céntrase en garantir a coordinación e correcta xestión das actuacións vinculadas aos fondos Next Generation EU no seu tramo final, asegurando o cumprimento das obrigas asociadas e facilitando a transición dos proxectos cara a outras fontes de financiamento.

INV_OP7: Impulsar a captación de fondos Next Generation EU

- Os recursos previstos permiten asegurar a continuidade das actuacións iniciadas no marco do PRTR ata a finalización do seu período subvencionado, así como a transición cara a novos financiadores externos —como Inditex— para garantir a súa sustentabilidade máis alá dos fondos europeos

INV_OP8: Apoiar a xustificación dos fondos Next Generation EU

- As partidas asignadas posibilitan completar os procesos administrativos e financeiros asociados ás axudas do PRTR, asegurando o cumprimento das obrigas de seguimento e xustificación ata o peche definitivo dos proxectos que recibiron financiamento europeo.

Datos orzamento (INV_OP7 E INV_OP8):

Partida	Descrición	Importe
0599240967541A64000	Catedra ENIA. Financ. UE-Nextgeneration EU IP: BOLON CANEDO,V) (Dende o 1/4/2026 a 31/03/2027 financiación por Sociedade Industria de Deseño Textil, S.A. (INDITEX, S.A.).	255.000,00€
0599240381541A64000	C061/23. INCIBE CIBERSEGURIDAD - CONVENIO INCIBE (CIBERSEGURIDAD). FONDOS MRR. NEXT GENERATION EU	72.792,95 €



2.4 INV_OE4: DEFINIR E IMPLANTAR UN ECOSISTEMA DINAMIZADOR DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA, E INCREMENTAR A COLABORACIÓN COAS EMPRESAS DA CONTORNA

A UDC impulsa un marco de actuación que reforza a transferencia de resultados e a colaboración co tecido produtivo, mediante a mellora dos recursos de apoio e a creación de vínculos estables con empresas e entidades sociais, promovendo a innovación e o impacto no entorno.

INV_OP9: Aumentar e mellorar os recursos de apoio á transferencia de resultados

- Reforzo dos servizos de apoio á transferencia: Mantense o financiamento das unidades especializadas (OTRI/OTC/OCPI/OPI), garantindo o seu funcionamento e reforzando a súa capacidade para prestar asesoramento, xestionar contratos e facilitar a valorización dos resultados de investigación.
- Impulso á transferencia mediante convenios e programas de fomento da I+D+i: Destínanse recursos significativos aos convenios de I+D+i para estimular a participación da UDC en proxectos de transferencia e incrementar a xeración de resultados aplicables ao tecido produtivo e social.
- Apoio ás infraestruturas vinculadas á innovación: Inclúese o mantemento e funcionamento do CITENI, así como investimentos en equipamento e infraestruturas científicas nos centros de investigación (CICA, CITIC, CITEEC), reforzando a súa capacidade para desenvolver actividades de transferencia.

INV_OP10: Intensificar a relación con institucións, empresas e entidades sociais

- Colaboración estratéxica a través de convenios: O convenio de tecnólogos coa SXU e o Convenio Campus Industrial de Ferrol constitúen instrumentos clave para fortalecer a cooperación coa Administración, co tecido empresarial e con entidades públicas e privadas, impulsando proxectos con impacto directo no territorio.
- Axuste estrutural dos centros de investigación ás demandas do entorno: A través dos contratos-programa destinados aos centros CIGUS (CITIC e CICA) e aos centros colaborativos, reforzase a súa estrutura, capacidade técnica e especialización, mellorando a súa interacción con empresas, institucións e organismos de investigación.
- Investimentos en equipamento para colaboracións externas: As partidas destinadas a maquinaria, instalacións e utillaxe nos centros de investigación permiten adecuar espazos e recursos ás necesidades de proxectos con socios externos, favorecendo a cooperación estable e de alto valor engadido.



Datos orzamento (INV_OP9 e INV_OP10):

Partida	Descrición	Importe
0599230818541A64000	Convenio tecnólogos SXU – servizos xerais	1.428.288,72€
0599230178541A64000	Convenio Xunta de I+D+i	3.122.207,19€
0902408865541A/422D64000	Convenio Campus industrial de Ferrol	1.727.250,00€
varias 541A23000	Aportación OTRI/OTC/OCPI IRS	6.000,00€
varias 541A22600	OPI/OCPI gastos funcionamento	40.000,00€
05C2541A21300	CITENI Mantemento	8.000,00 €
05C2541A22600	CITENI Outros gastos	2.500,00 €
05C2541A62500	CITENI Mobiliario e avíos	500,00 €
05C3541A64902	Contrato programa CITIC	200.000,00€
05C3541A64902	Contrato programa CITIC (achega estrutural)	60.775,00€
05C4541A64900	Contrato programa CICA	184.811,10€
05C4541A64900	Contrato programa CICA (achega estrutural)	55.125,00€
05C2541A21300	CICA maquinaria instalacións	8.000,00€
05C3541A21300/1	CITIC maquinaria instalacións	57.000,00€
05C1541A21300	CITEEC maquinaria instalacións	8.000,00€
05C2541A21300	CITENI maquinaria instalacións	8.000,00€

2.5 INV_OE5: MELLORAR OS PROCESOS DE SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR NA INSTITUCIÓN, FAVORECENDO O DESENVOLVEMENTO DA SÚA CARREIRA INVESTIGADORA

Refórzanse os procesos de selección, promoción e consolidación do PDI, favorecendo unha carreira investigadora sólida, atractiva e aliñada cos estándares europeos. Avánzase na adecuación da estrutura de persoal ás necesidades actuais da institución e no fortalecemento da captación de talento predoutoral e posdoutoral mediante programas competitivos e apoios a investigadores de excelencia, consolidando así a calidade e a proxección científica da universidade.

INV_OP11: Avaliar e impulsar unha estrutura de persoal docente e investigador (Pdi) adecuado ao modelo de persoal actual

- Reforzo da estrutura investigadora e docente: Destínanse recursos para apoiar unha estrutura de PDI que responda ás necesidades actuais da UDC, mediante investimentos en innovación educativa e equipamento científico que permiten mellorar as condicións de traballo e fortalecer a capacidade investigadora dos centros (VIT, CITEEC, CITENI, CITIC e CICA).



- Consolidación e recoñecemento da carreira investigadora: Inclúense partidas destinadas ao pagamento de trienios do PCTI, contribuíndo á estabilización e adecuación da estrutura de persoal investigador conforme ao modelo de carreira vixente.

INV_OP12: Mellorar a captación de investigadores predoutorais e posdoutorais aliñando os procedementos coas directrices do logo europeo HRS4R

- Impulso á captación de talento internacional: A UDC reforza a súa capacidade para atraer persoal investigador de excelencia mediante o apoio directo a proxectos ERC e a proxectos finalistas, así como mediante a participación en programas competitivos como COFUND, que fortalecen a atracción e retención de talento predoutoral e posdoutoral.
- Aliñamento coas boas prácticas europeas: Estas actuacións contribúen á adecuación dos procedementos ao marco HRS4R, promovendo unha política de recursos humanos transparente, competitiva e acorde cos estándares europeos de contratación e desenvolvemento da carreira investigadora. Implantación do selo europeo HRS4R.

Datos orzamento (INV_OP11 e INV_OP12):

Partida	Descrición	Importe
varias/541A64000	CONVENIO INNOVACIÓN EDUCATIVA E EQUIPAMENTO CIENTIFICO VIT-CITEEC-CITENI-CITIC-CICA	1.449.999,97€
050A541A64900	VIT. TRIENIOS PCTI	86.000,00€
05C2241060541A64000	CONVENIO C EDUC, CIENCIA, UNIV E F.P-ERC	65.000,00 €
0599241068541A64000	CONVENIO C EDUC, CIENCIA, UNIV E F.P-ERC	65.000,00 €
0599251273541A64000	CONVENIO GAIN FINALISTAS ERC	38.666,67€
0599230339541A64000	Programa COFUND	135.380,00€

○



FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

3.1 ECO_OE1: MELLORAR O RENDEMENTO ECONÓMICO-FINANCIERO E CONTROL DO GASTO

A Programación Plurianual e Orzamentaria 2025-26 aprobada polo Claustro prevía a persistencia da necesidade de recursos extraordinarios para o exercicio 2026, malia que por un importe inferior ao orzado en 2025, de xeito que se aspirase ao reequilibrio estrutural no bienio 2027-2028. Nesa liña, o orzamento 2026 confirma as estimacións previas, pois a necesidade de recursos extraordinarios redúcese dos 5,2 millóns de euros de 2025 a 3 millóns en 2026.

Datos orzamento:

Partida	Descrición	Importe
1612.00	Venda de edificios e outras construcións	3.000.000,00 €

3.2 ECO_OE2: CAPTAR RECURSOS DE FORMA PROACTIVA E EXPLORAR NOVAS FONTES DE FINANCIAMENTO PÚBLICAS E/OU PRIVADAS

A UDC mantén a súa aposta por unha captación activa e diversificada de recursos que contribúa ao sostemento das súas actividades e ao desenvolvemento de proxectos estratéxicos. Mediante a colaboración con administracións, empresas e outras entidades, así como a participación en programas de financiamento externo, a universidade busca reforzar a súa capacidade para apoiar a investigación, a innovación e a mellora das infraestruturas. Deste xeito, a institución consolida un marco de financiamento máis estable e acorde coas súas necesidades estratéxicas.

Datos orzamento principais partidas:



Partida	Descrición	Importe
1470.08	Convenio Santander	550.000,00€
1710.08	Convenio Innovación Educativa E Equipamento Científico - Sic	156.666,66 €
1710.08	Convenio Innovación Educativa E Equipamento Científico - Vit	1.599.999,97 €
1710.08	CONVENIO XUNTA I+D+I	3.122.207,19 €
1710.08	VCFRS. Convenio Campus Industrial Ferrol. Anualidade 2026	1.727.250,00 €
1710.09	ADENDA CONVENIO XUNTA I+D+I - SIC	157.777,77 €
1710.08	VCFRS. Convenio Innovación Educativa E Equipamento Científico	77.777,77 €
1710.00	COFUND - CONVENIO COFUND 23 - 26	135.380,00 €
1710.10	VIS. Construción de novo edificio. P.I.U. Remesa 3.	2.810.000,00 €
1710.00	Convenio tecnólogos SXU – servizos xerais	1.428.288,72€
1710.08	Convenio Campus industrial de Ferrol	1.727.250,00€
1710.08	Convenio innovación educativa e equipamento científico VIT-CITEEC-CITENI-CITIC-CICA	1.449.999,97€
1760.00	Convenio concello UDC , cidade das Tic	3.500.000,00 €
1760.00	VIS. Cofinaciamento P.I.U. Deputación	444.444,44 €
1760.00	Convenio deputación Xoanna Capdevielle	300.000,00€
1760.00	Convenio marco Concello a Coruña	200.000,00€
1770	Convenio Intalent (Inditex)	300.000,€
1770.00	Axudas estudantes estadias internacionais, EIDUDC. UDC-INDITEX	130.000,00 €
1790.02	ORI. LIANZA EUROPEA EMERGE	643.863,60 €
1790.02	Proxectos INTERREG	318.439,54 €
1790.04	Doutras transferencias da Unión Europea	775.452,87 €

3.3 ECO_OE3: MELLORAR O AFORRO ECONÓMICO OU ENERXÉTICO, AVANZAR EN PROGRAMAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E RENOVAR AS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN, MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DE ACORDO CON CRITERIOS DE VIDA ÚTIL

ECO_OP3 :Mellorar, concienciar e modernizar as infraestruturas orientándoas cara a mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade ambiental

Reparacións e mantementos diarios

- Execución de reparacións e labores de mantemento incorporando criterios de sustentabilidade e eficiencia enerxética.
- Realización de actuacións de mantemento en edificios destinados exclusivamente á investigación.
- Actuacións de conservación, reparación e mellora dos inmobles universitarios no marco do Plan de Infraestruturas.



- Mantemento das infraestruturas viarias dos campus a través do convenio establecido co Concello da Coruña.

Adquisicións e renovacións

- Adquisición de equipamentos orientados a mellorar as condicións de habitabilidade e a humanización dos espazos universitarios.
- Dotación de equipamentos específicos para edificios de uso exclusivo de investigación.
- Investimentos en renovación de inmobles mediante actuacións na envolvente e reposición de instalacións para a mellora da eficiencia enerxética.
- Renovación de inmobles en edificios destinados exclusivamente á investigación.

Xestión e planificación para a sustentabilidade

- Realización de estudos e traballos técnicos para a planificación de actuacións con criterios de sustentabilidade, incluíndo tributos e procesos de reutilización de bens móbiles.
- Cobertura dos custos operativos da Oficina de Sustentabilidade, responsable do control de consumos e da implementación de medidas de aforro.
- Investimentos orientados ao control e á redución de consumos a través da Oficina de Sustentabilidade.
- Dotación orzamentaria para equipamento tecnolóxico nos centros docentes mediante financiamento externo, incluíndo a convocatoria de pequeno equipamento científico do Campus Industrial de Ferrol.



Partidas orzamentarias:

Partida	Descrición	Importe
0201 121A 212.00	SAUE. Reparacións e mantementos con criterios sostibles	300.000,00€
0201 541A 212.00	SAUE. Reparacións e mantementos en edificios de investigación	65.540,00 €
0201 121A 227.00	SAUE. Estudos técnicos, tributos e reutilización de bens	50.000,00 €
0201 121A 625.00	SAUE. Mobiliario e avíos con criterios sustentables	60.000,00 €
0201 541A 625.00	SAUE. Mobiliario e avíos con criterios sustentables. Investigación	20.000,00 €
0201 121A 632.00	SAUE. Renovación de inmoables con aforro enerxético	600.000,00 €
0201 541A 632.00	SAUE. Renovación inmoables en edificios de investigación	113.820,60 €
020A.24.09.77541A 622.00	VIS. Construción de novo edificio EI3. P.I.U. Remesa 3.	2.810.000,00€
020A.25.00.06 541A 640.00	Convenio Concello da Coruña. Infraestruturas viarias	120.000,00 €
0205 121A 226.00	Oficina de Sustentabilidade. Gastos funcionamento.	25.200,00 €
0205 121A 625.00	Oficina de Sustentabilidade. Inversións control de consumos e sustentabilidade dos campus	21.000,00 €
0201 121A /541A 623.01	SAUE Maquinaria/maquinaria Investigación	4.000,00 €
0201 121A 633.00	SAUE inversións en renovación de instalacións	400.000,00 €
0201 541A 633.00	SAUE inversións en renovación de instalacións. Investigación	200.000,00 €
0201 121A 633.00	SAUE subministración de material funxible con criterios ecolóxicos	20.000,00 €
0201 121A 223.00	SAUE Traslados para reutilización de equipamentos	3.000,00 €
020A.26.00.02 5141A. 632.00	Convenio Concello da Coruña Cidade das TIC. Novos edificios investigación	3.500.000,00€
020A.25.01.20 5141A. 640.00	VIS. Convenio Innovación educativa e Equipamento Científico. Renovación instalacións	188.888,88 €
020A 240977 121A 63200	VIS investimento pendente P.I.U Remesa 2	810.000,00 €



3.4 ECO_OE4 : CAPTAR RECURSOS ECONÓMICOS PROCEDENTES DE FONDOS NEXT GENERATION E APOIAR A XESTIÓN ECONÓMICA E A XUSTIFICACIÓN DOS FONDOS

ECO_OP4 Facilitar a captación de ingresos procedentes de plans europeos dotando de recursos materiais, organizativos e persoales e **ECO_OP5** Apoiar a xustificación dos fondos Next Generation EU

O obxectivo orienta a súa actuación á finalización ordenada das iniciativas financiadas con fondos Next Generation EU, garantindo unha coordinación eficaz e o cumprimento das obrigas administrativas, técnicas e financeiras asociadas. As partidas previstas permiten completar os procesos de seguimento e xustificación das axudas do PRTR, asegurando o seu peche adecuado e facilitando que os proxectos poidan continuar ou consolidarse mediante outras vías de financiamento, en continuidade co traballo que a UDC vén realizando neste ámbito. (Como se mencionou no INV_OP7 e INV_OP8).

Datos orzamento:

Partida	Descrición	Importe
0599240967541A64000	Catedra ENIA. Financ. UE-Nextgeneration EU IP: BOLON CANEDO,V) (Dende o 1/4/2026 a 31/03/2027 financiación por Sociedade Industria de Deseño Textil, S.A. (INDITEX, S.A.).	255.000,00 €
0599240381541A64000	C061/23. INCIBE CIBERSEGURIDAD - CONVENIO INCIBE (CIBERSEGURIDAD). FONDOS MRR. NEXT GENERATION EU	72.792,95 €

3.5 ECO_OE5: AVANZAR NUNHA XESTIÓN EFICIENTE, RESPONSABLE E TRANSPARENTE DOS RECURSOS PÚBLICOS

A UDC continúa reforzando a súa transformación dixital mediante accións orientadas á modernización da administración electrónica, á mellora da seguridade da información e á optimización dos procesos de xestión. Esta liña de actuación contribúe a consolidar un modelo de xestión dixital máis robusto, adaptado ás necesidades actuais da comunidade universitaria.

**ECO_OP6: Avanzar na transformación dixital e na administración electrónica para mellorar na política de transparencia e simplificar a automatización de procesos**

- Modernización das infraestruturas dixitais, mediante a actualización de sistemas e ferramentas que soportan os principais procesos de información e xestión.
- Reforzo da seguridade da información, incorporando solucións avanzadas que permitan mellorar a protección dos datos.
- Impulso da administración electrónica, favorecendo a implantación de procedementos máis áxiles, automatizados que melloren a eficiencia administrativa.
- Mellora da transparencia e do acceso aos servizos, garantindo que a comunidade universitaria dispoña de canles dixitais seguras, accesibles e integradas nos procesos de xestión.

Datos orzamento:

Partida	Descrición	Importe
0105/0106121A227.12	Consultoría/servizos para administración electrónica e seguridade	249.582,00€
0106121A209.01	Licenza e migración a nube do escaneo de vulnerabilidades	90.750,00€
0106121A626.00	Sistemas para procesos de información e seguridade	136.125,00€



Internacionalización

A Universidade da Coruña (UDC) define para o período 2026 unha serie de obxectivos estratéxicos orientados ao fortalecemento da súa dimensión internacional e á mellora da xestión académica e administrativa vinculada aos programas de internacionalización.

Estes obxectivos estrutúranse en cinco liñas fundamentais:

1. Favorecer un contorno universitario con maior proxección internacional.
2. Impulsar a mobilidade internacional da comunidade universitaria.
3. Reforzar as competencias lingüísticas do estudantado e do persoal.
4. Fortalecer a presenza e visibilidade internacional da UDC.
5. Optimizar os procesos académicos e administrativos asociados á internacionalización.

4.1 INT_OE1: POTENCIAR UN AMBIENTE UNIVERSITARIO INTERNACIONAL

A UDC promove a consolidación dun entorno universitario aberto ao exterior, baseado na cooperación académica global, na mobilidade internacional e na oferta de programas formativos con proxección internacional. Neste marco, refórzanse as relacións con institucións de ensino superior doutros países, a participación en programas de mobilidade e a implementación de iniciativas docentes que favorezan unha experiencia multicultural. Esta orientación permite fortalecer a presenza internacional da universidade, atraer talento e impulsar unha comunidade académica máis diversa, participativa e conectada cos retos globais actuais.

INT_OP1: Reforzar a cooperación internacional en materia de recoñecemento, mobilidade, calidade e promoción comercial da UDC

- Favorecer a mobilidade internacional do estudantado, PDI e PAS mediante programas e axudas específicas.
- Impulsar alianzas e acordos de cooperación que reforcen o recoñecemento mutuo con universidades doutras rexións e países.
- Optimizar os procesos de internacionalización, garantindo maior calidade e eficiencia administrativa.
- Potenciar a visibilidade exterior da UDC, a través de accións de promoción e participación en eventos internacionais.
- Consolidar investimentos clave en internacionalización, que permitan fortalecer un modelo global sólido e coherente.

Datos orzamento:



Partida	Descrición	Importe
0402121A481.01	Axudas PDI en programas de internacionalización	24.500,00 €
0402121A481.02	Axudas PAS en programas de internacionalización	1.400,00 €
0402121A226.02	Promoción exterior e participación en feiras	13.000,00 €
0402121A480.00	Bolsas e axudas ao estudiantado internacional	60.000,00 €
0402121A640.00	Investimentos en internacionalización (ORI EMERGE)	643.863,60 €
0402250009422D480.00	ORI. PROGRAMA ERASMUS KA131 23-26	1.150.000,00€
0402250010422D480.01	ORI. PROGRAMA ERASMUS KA171 22-27	305.000,00 €

INT_OP2: Consolidar e potenciar os programas formativos e a oferta docente internacional

- Fortalecer a dimensión internacional da oferta académica, consolidando programas xa existentes e incorporando novas iniciativas formativas con proxección global.
- Favorecer a participación do estudiantado, PDI e PAS en actividades de cooperación académica e desenvolvemento internacional.
- Impulsar contornas formativas multiculturalmente enriquecedoras, como programas e escolas internacionais, que reforcen a visibilidade e presenza exterior da UDC.



Partidas orzamentarias implicadas, total ou parcialmente:

Partida	Descrición	Importe
0901321A226.00	OCV – Gastos de funcionamento	23.200,00 €
0901321A480.01	OCV – Axudas estudantes cooperación e desenvolvemento	22.000,00 €
0901321481.01	OCV – Axudas PDI cooperación e desenvolvemento	2.450,00 €
0901321482.01	OCV – Axudas PAS cooperación e desenvolvemento	3.500,00 €
04.02422D226.06	ORI international summer school	24.000,00€

4.2 INT_OE2: CONSEGUIR UNHA MOBILIDADE INTERNACIONAL CRECENTE DE TODA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA

O obxectivo céntrase en intensificar e promover a mobilidade internacional mediante o impulso de oportunidades formativas e de prácticas, reforzando os servizos de apoio a comunidades universitaria, consolidando unha oferta atractiva que, a través dos investimentos previstos, mellore a calidade das experiencias e favoreza a participación en contextos académicos globais.

INT_OP3: Intensificar e promover a mobilidade con servizos de apoio e unha oferta atractiva de formación e prácticas

Datos orzamento:

Partida	Descrición	Importe
0402121A480.00	Bolsas e axudas ao estudantado internacional	60.000,00 €
0402121A640.00	Investimentos en internacionalización (ORI EMERGE)	643.863,60 €
0402121A481.01/02	Axudas a mobilidade e prácticas	25.900,00 €



4.3 INT_OE3: AUMENTAR AS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Mellora das competencias lingüísticas en inglés da comunidade universitaria e incremento da capacidade de internacionalización e colaboración académica da UDC.

INT_OP4: Favorecer a impartición de formación permanente en inglés e fomentar a participación de toda a comunidade universitaria.

Datos orzamento:

Partida	Descrición	Importe
100A422D162.001010	Formación e perfeccionamento do PTXAS en competencias lingüísticas	82.840,00 €

4.4 INT_OE4: POTENCIAR A PROXECCIÓN E A PRESENZA INTERNACIONAL DA UDC

O obxectivo busca reforzar a presenza exterior da UDC mediante accións que melloren a súa visibilidade en contornos internacionais: impúlsanse investimentos e programas formativos que contribúan a consolidar a internacionalización da universidade, favorecendo a creación de novas oportunidades de colaboración e unha maior apertura cara ao ámbito global. Así mesmo, foméntase a participación en feiras e espazos de difusión académica.

INT_OP5 Promover a participación en redes, proxectos e programas internacionais educativos, de innovación e de investigación

- Investimentos en internacionalización (ORI EMERGE)
- Consolidación de la ORI international summer school

Datos orzamento:

Partida	Descrición	Importe
0402121A640.00	Investimentos en internacionalización (ORI EMERGE)	643.863,60 €
04.02422D226.06	ORI international summer school	24.000,00€

**INT_OP6: Promover a imaxe de marca da UDC e as accións de comunicación cara ao exterior.**

Partida	Descrición	Importe
0402121A226.02	Promoción exterior e participación en feiras	13.000,00 €

4.5 INT_OE5: OPTIMIZAR A XESTIÓN ACADÉMICA E ADMINISTRATIVA PARA DESENVOLVER OS PROGRAMAS DE INTERNACIONALIZACIÓN

A universidade orienta a súa actuación ao reforzo das competencias e da preparación do estudiantado para desenvolverse con solvencia en contornos internacionais. Para iso, promóvense accións de apoio que facilitan a participación en programas de mobilidade e experiencias formativas no exterior, así como investimentos que melloran os recursos dispoñibles para a acollida e integración do estudiantado internacional. A través desta liña de actuación, a UDC contribúe a potenciar unha formación máis aberta, intercultural e alineada coas demandas dun ámbito académico e profesional globalizado.

INT_OP7: Subministrar a formación e as competencias para traballar nun contorno internacional aberto

Partida	Descrición	Importe
0402121A480.00	Bolsas e axudas ao estudiantado internacional	60.000,00 €
0402121A640.00	Investimentos en internacionalización (ORI EMERGE)	643.863,60 €



RESPONSABILIDADE SOCIAL E SUSTENTABILIDADE

5.1 RS_OE1: UNHA UNIVERSIDADE CON IDENTIDADE PROPIA QUE IMPULSA O CAMBIO SOCIAL, A CULTURA E A LINGUA GALEGAS ASÍ COMO A CONTRIBUCIÓN Á PAZ E Á SOLIDARIEDADE ENTRE OS POBOS PARA UNHA CIDADANÍA GLOBAL

A UDC aposta por un modelo de responsabilidade social baseado na integración cultural, a participación cidadá e a contribución activa ao benestar colectivo. Este obxectivo céntrase en fortalecer a identidade galega da institución, promover espazos de convivencia e diversidade, estimular a creatividade cultural e fomentar unha cidadanía crítica e solidaria capaz de impulsar transformacións sociais sostibles.

RS_OP1: Promover o compromiso da comunidade universitaria co progreso social.

- Favorecer a participación da comunidade universitaria en iniciativas culturais e sociais, promovendo actividades que reforcen a cohesión e o acceso á cultura.
- Impulsar espazos e proxectos de inclusión e colaboración, mediante actuacións con entidades públicas e sociais que fomenten a integración e o benestar comunitario.
- Reforzar servizos e programas orientados ao apoio social, incluíndo iniciativas que atenden a colectivos vulnerables ou que contribúen ao desenvolvemento cívico no territorio.
- Consolidar unha presenza responsable da universidade no seu contorno, promovendo valores de solidariedade, convivencia e participación cidadá

Datos orzamento :

Partida	Descrición	Importe
170624.10.57321A226.09	Convenio Deputación – actividades culturais	110.000,00 €
090A321A442.00	Espazo Compartido – achega Deputación+Fundación Once+proprios	133.000,00 €
0901321A226.00	OCV – Gastos de funcionamento	23.200,00 €
090A24.10.57541A64000	Convenio deputación- Espazo compartido ferrol	15.000,00€
090A24.10.57541A64000	Convenio deputación clinica xurídica	7.000,00€
090A24.10.57541A64000	Convenio deputación corredor humanitario	11.250,00 €

**RS_OP2: Contribuir á dinamización da cultura galega e do seu patrimonio.**

- Promover o uso e a visibilidade da lingua galega no ámbito universitario mediante accións de normalización lingüística e apoio ao seu desenvolvemento.
- Impulsar actividades e programas de dinamización cultural, orientados a reforzar o coñecemento e a valoración do patrimonio cultural galego.
- Favorecer a formación lingüística do profesorado, apoiando o desenvolvemento de competencias que contribúan á integración da lingua galega na actividade académica.
- Consolidar un entorno universitario comprometido coa identidade cultural e lingüística de Galicia, fortalecendo a súa presenza na vida institucional.

Partida	Descrición	Importe
18.07.24.07.27422D640.00	VID Normalización lingüística	23.500,00 €
18.07121A226.00	Servizo normalización lingüística. Gastos funcionamento	23.500,00 €
0402422D481.01	ORI. Bolsas convocatoria formación lingüística profesorado	10.500,00 €

**RS- OP3: Promover proxectos de cooperación en voluntariado con comunidades máis desfavorecidas**

Partidas orzamentarias implicadas, total o parcialmente:

Partida	Descrición	Importe
0901321A226.00	OCV – Gastos de funcionamento	23.200,00 €
0901321A480.01	OCV – axudas estudantes para cooperación e desemb.Gastos de funcionamento	22.000,00 €
0901321A481.01	OCV – axudas PDI para cooperación e desemb.	2.450,00 €
0901321A480201	OCV – axudas PAS para cooperación e desemb	3.500,00 €

5.2 RS_OE2: UNHA UNIVERSIDADE RESPONSABLE DO SEU IMPACTO AMBIENTAL

A UDC avanza cara a un modelo de sustentabilidade integral que reduce o seu impacto ambiental mediante medidas de eficiencia enerxética, o impulso das enerxías renovables e o aforro de consumos. Xunto con isto, promóvese unha mobilidade máis sustentable e accesible, e refórzase a protección da biodiversidade e a conservación dos espazos naturais universitarios. O obxectivo é garantir unhas infraestruturas máis eficientes, respectuosas co medio e capaces de contribuír ao benestar ambiental presente e futuro.

Rs_OP4: Abordar medidas de mellora de eficiencia e aforro enerxético, de de promoción das enerxías renovables

- Mellorar a eficiencia enerxética das instalacións universitarias, mediante investimentos orientados á renovación de inmobles, sistemas e infraestruturas para reducir consumos e optimizar o rendemento enerxético.
- Actualizar maquinaria, equipos e compoñentes técnicos, incorporando solucións máis eficientes que permitan avanzar cara a un uso responsable dos recursos.
- Reforzar as accións de sustentabilidade, mediante o impulso da Oficina de Sustentabilidade e o desenvolvemento de medidas que favorezan o aforro e a xestión ambiental responsable.
- Promover o uso de enerxías renovables, apoiando actuacións que integren tecnoloxías e solucións limpas no funcionamento dos espazos universitarios.
- Colaborar con administracións e entidades públicas para avanzar en proxectos de renovación enerxética e mellora ambiental ao abeiro de convenios e investimentos específicos.



Partida	Descrición				Importe
0201 121A/541A 21200	SAUE	Equipos	Mantenementos.		365.540,60 €
		Mantenementos Investigación.			
0201 121A 22700	Estudos técnicos, tributos, reutilización; Monte da Fraga				50.000,00 €
0201 121A/541A 62500	SAUE	Maquinaria.	SAUE	Maquinaria investigación.	80.000,00 €
0201 121A/541A 632.00	SAUE	. Investimentos en renovación e Inmobles Investimentos en renovación e Inmobles Investigación			713.820,60 €
0201 121A/541A 633.00	SAUE	. Investimentos de renovación de Instalación. Investimentos de renovación de instalacións Investigación			600.000,00 €
0205 121A62500	Oficina de Sustentabilidade. Investimentos				21.000,00 €
02.OA.24.09.77 121A 64000	VIS	investimento pendente	P.I.U Remesa 2.		810.000,00 €
		Renovación edificios para aforro enerxético			
02.OA.25.01.20 5141A. 640.00	VIS.	Convenio	Innovación educativa e Equipamento Científico.	Renovación instalacións para aforro enerxético	188.888,88 €

RS_OP5: Impulsar medios de mobilidade sustentable que faciliten a accesibilidade combinando se impacto ambiental

- Investimentos adicionais e financiamento dos gastos operativos da Oficina de Sustentabilidade en iniciativas de mobilidade sostible e sistemas de drenaxe sustentable.
- Realizar investimentos en infraestruturas e espazos universitarios que favorezan solucións de desprazamento máis eficientes, accesibles e ambientalmente responsables.
- Actualizar e mellorar instalacións e inmobles, facilitando a integración progresiva de medidas que reduzan o impacto ambiental asociado á mobilidade da comunidade universitaria.
- Colaborar con administracións públicas para desenvolver actuacións conxuntas en materia de accesibilidade e mobilidade sostible no contorno dos campus.



Datos orzamento:

Partida	Descrición	Importe
0205 121A22600	Oficina de Sustentabilidade – funcionamento	25.200,00 €
0205 121A62500	Oficina de Sustentabilidade. Investimentos	21.000,00 €
0201 121A/541A 632.00	SAUE . Investimentos en renovación e Inmobles Investimentos en renovación e Inmobles Investigación	713.820,60 €
0201.25.00.06121A 640.00	Convenio Concello da Coruña. Infraestruturas s	120.000,00 €

RS_OP6: Potenciar a mellora da biodiversidade e a sustentabilidade medioambiental instalacións da UDC

Partidas orzamentarias:

Partidas	Descrición	Importe
0201 121A 22700	Estudos técnicos, tributos, reutilización	50.000,00 €
0205 25.00.84 121A 640.00	Mantemento Monte da Fraga (concello A Coruña)	10.000,00 €
0205 121A22600	Oficina de Sustentabilidade – funcionamento	25.200,00 €
02.05.26.00.01 121A640.00	Oficina de sustentabilidade convenio ALCOA	50.000,00 €
0201 121A/541A 632.00	SAUE . Investimentos en renovación e Inmobles Investimentos en renovación e Inmobles Investigación	713.820,60 €
0201 121A/541A 633.00	SAUE . Investimentos de renovación de Instalación. Investimentos de renovación de instalacións Investigación	600.000,00 €
0201 121A 223.00	SAUE Transportes	3.000,00 €
0201 121A/541A 62500	SAUE Maquinaria. SAUE Maquinaria investigación.	80.000,00 €
0201 121A 212.00	SAUE subministración de material funxible con criterios sustentables	20.000,00 €
02.0A.25.01.20 5141A. 640.00	VIS. Convenio Innovación educativa e Equipamento Científico. Renovación instalacións	188.888,88 €



5.3 RS_OE3: UNHA UNIVERSIDADE QUE PROMOVE HÁBITOS, RUTINAS E ESTILOS DE VIDA SAUDABLE, EN ESPECIAL A ATENCIÓN BIOPSIOSOCIAL E A XESTIÓN PROACTIVA E PREVENTIVA DA VIXILANCIA DA SAÚDE CON ESTRATEXIAS DIRIXIDAS A TODA ACOMUNIDADE UNIVERSITARIA (ESTUDANTADO, PAS, PDI, PEC)

Se trata da creación dunha cultura de vida activa e saudable na comunidade universitaria, incremento do benestar biopsicosocial e cohesión social e fomento dunha comunidade universitaria máis activa e saudable, con beneficios a longo prazo.

RS_OP7: Promover iniciativas que fagan contribuír a unha vida saudable da comunidade universitaria

- Benestar e hábitos saudables: reforzo das actividades deportivas, consolidación de UDC Saudable e impulso de campañas de prevención e sensibilización.
- Contornos e servizos de apoio: creación de espazos e actividades saudables, xunto co desenvolvemento de servizos de apoio biopsicosocial e medidas de conciliación.
- Formación e sustentabilidade: programas de formación e divulgación en saúde e fomento de estilos de vida sostibles, integrando competencias transversais nos itinerarios formativos.

Datos orzamento:

Partida	Descrición	Importe
0903250131121A64000	UDC Saudable. Convenio concello A Coruña	40.000,00 €
0903121A227.12	Programa afrontemos (Convenio Sergas + propios)	40.000,00 €

**5.4 RS_OE4: UNHA UNIVERSIDADE FEMINISTA LIBRE DE VIOLENCIAS DE XÉNERO**

Este obxectivo impulsa a creación dun espazo universitario igualitario e libre de violencias machistas, promovendo políticas inclusivas, formación específica e accións de sensibilización dirixidas a toda a comunidade universitaria.

RS_OP9: Reforzar, promover, difundir e concienciar nunha cultura de igualdade entre homes e mulleres

- Garantir o funcionamento e a coordinación da Oficina para a Igualdade de Xénero, como unidade de referencia nas políticas de igualdade da universidade.
- Desenvolver accións de sensibilización e prevención das violencias machistas, incluíndo iniciativas de liderado feminino, masculinidades igualitarias e puntos violeta.
- Impulsar programas formativos en igualdade, mediante accións financiadas polo Pacto de Estado e outras iniciativas dirixidas á capacitación da comunidade universitaria.
- Promover medidas de corresponsabilidade e conciliación, a través de proxectos desenvolvidos en colaboración co Plan Corresponsables da Xunta de Galicia.

Partidas do orzamento:

Reforzar	Descrición	Importe
1806240916321A640.00	Liderado feminino, masculinidades, puntos violeta	35.000,00 €
1806240973321A640.00	Formación financiada pacto de estado	50.000,00 €
18.06321A22600	Oficina para a igualdade de Xénero. Gastos de funcionamento	20.000,00 €
1806241063321A64000	Convenio plan corresponsables Xunta de Galicia	200.000,00 €

5.5 RS_OE5: INCENTIVAR E FOMENTAR UNHA CULTURA DE NON DISCRIMINACIÓN.

Este obxectivo fomenta unha universidade inclusiva que promove o respecto pola diversidade, fortalece a sensibilización en cuestións sociais e crea un ambiente respectuoso e equitativo para toda a comunidade.

RS_OP12: Desenvolver programas que conciencien e faciliten a inclusión social dentro da diversidade como signo característico da UDC

- Garantir o funcionamento e a coordinación dos servizos de apoio á diversidade, a través da actividade da ADI e dos recursos destinados á atención do alumnado con necesidades específicas.
- Impulsar medidas e servizos que favorezan a inclusión, facilitando adaptacións, acompañamento e recursos que permitan unha participación plena na vida universitaria.
- Promover espazos e iniciativas compartidas, en colaboración con entidades públicas e sociais, que contribúan á inclusión e á creación de contornos accesibles e respectuosos coa diversidade.



- Mellorar os sistemas e ferramentas tecnolóxicas de apoio, incorporando solucións que faciliten a accesibilidade e a comunicación inclusiva.

Partidas do orzamento:

Partida	Descrición	Importe
1805121A226.00	ADI – gastos de funcionamento	21.200,00 €
185422D227.12	Servizos ao alumnado con diversidade funcional	70.000,00 €
18.05121A626.00	ADI sistemas para procesos de información	5.000,00 €
090A24.10.57541A64000	Convenio deputación- Espazo compartido Ferrol	15.000,00€
090A321A442.00	VFRS. Espazo Compartido – achega Deputación+Fundación Once+proprios	133.000,00 €



O MARKETING E A COMUNICACIÓN NO PLAN ESTRATÉXICO

A comunicación nunha universidade pública constitúe un elemento esencial para garantir a transparencia, a inclusión e a proxección institucional. A través dela facilítase a información á cidadanía sobre a xestión dos recursos públicos, promóvese a participación da comunidade universitaria, contribúese á captación de talento e difúndese o impacto social, científico e cultural das actividades da institución. En conxunto, a comunicación actúa como unha ferramenta estratéxica que reforza a misión académica e social da universidade, consolidando a súa relevancia e competitividade no ámbito público.

Datos orzamento:

Partida	Descrición	Importe
17007121a24000	VDCD. Servizo de publicacións. Gastos de edición e distribución	47.096,09 €
1708121a226.02	VDCD. Gabinete de comunicación divulgación e publicidade	38.500,00 €
1709121A22609	VDCD. Unidade de divulgación científica e cultural. Actividades culturais, deportivas e outras	21.000,00 €
1709541A22609	VDCD. Unidade de divulgación científica e cultural. Actividades culturais, deportivas e outras	6.000,00 €
1708121A623.05	VDCD. Medios audiovisuais	2.000,00 €
170A121A20901	VDCD. Licencias software	10.000,00 €